

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000035.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, alcalde presidente en funcións, do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **16 de agosto de 2023, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA AO PROXECTO BÁSICO PRESENTADO PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE DE PLANTA BAIXA DE USO INDUSTRIAL SEN ACTIVIDADE DEFINIDA, NA RÚA LEOPOLDO HERNÁNDEZ ROBREDO, NÚMEROS 1 - 3, PARCELA C.4, DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS, CON REFERENCIA CATASTRAL 8272301PH1687S0001BW (2023/G001/000065).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DE VIVENDAS NA RONDA DA MURALLA, NÚMERO 160, CON REFERENCIA CATASTRAL 7530008PH1673S, A NOME DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RONDA DA MURALLA, NÚMERO 160 (EXP. 2023/Y001/000051).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE CALZADO E PEZAS DE VESTIARIO DO UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO DO ANO 2023 (EXP. 2023/C004/000008). ADXUDICACIÓN DO LOTE 2.

FOMENTO

4. PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE LUGO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, DURANTE OS ANOS 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac3600155777357518741.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2023

PERSOAL

5. PROPOSTA DE ADQUISICIÓN DO COMPROMISO DE INCLUSIÓN NA OEP 2024 DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A ZONA RURAL.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Excmo. alcalde-presidente en funcións, don Miguel Fernández Méndez.